



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A FUNDACIÓN OLGA GALLEGO NO ÁMBITO DOS ARQUIVOS E O PATRIMONIO DOCUMENTAL

Na Coruña, a 1 de xullo do 2015

COMPARECEN

Dunha parte a Universidade da Coruña, en adiante UDC, con sede na Coruña, Maestranza nº 9 no seu nome e representación, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio).

Doutra parte, d. Pedro López Gómez, profesor honorario da Universidade da Coruña e presidente da Fundación Olga Gallego, con NIF G70402698, constituída na Coruña o día 24 de febreiro de 2014, declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por Resolución do 30 de xuño de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 132, do 14 de xullo de 2014).

EXPOÑEN

- 1.- Que ambas as entidades teñen obxectivos e intereses comúns nos campos académico, científico e cultural.
- 2.- Que para contribuír a mellora económica e social dos pobos, é de fundamental importancia que se establezan relacións de intercambio nos campos da ciencia e a cultura.
- 3.- Que as universidades son institucións chamadas pola súa esencia, finalidade e obxectivos a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural.



4.- Que a Fundación Olga Gallego é unha Fundación de interese galego, clasificada e inscrita no Rexistro de Fundacións por Resolución do 30 de xuño de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 132, do 14 de xullo de 2014).

Esta institución privada sen fin de lucro foi constituída no ano 2014 por vontade de Pilar Gallego Domínguez coa finalidade de contribuír á difusión e protección dos arquivos e do patrimonio documental, ao fomento dos estudos e da investigación sobre arquivística e arquivos, e á formación dos seus profesionais.

A Fundación Olga Gallego ten por obxecto, segundo establece o artigo 6 dos estatutos, a protección, defensa e fomento dos arquivos e do patrimonio documental de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal; o fomento e estudo da arquivística; e impulsar a formación dos profesionais dos arquivos.

Que por todo o anterior as dúas institucións consideran conveniente afianzar a súa colaboración académica e científica establecendo os instrumentos adecuados do seu traballo en común e, para os efectos, deciden subscribir un convenio de cooperación académica, científica e cultural, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-FINALIDADE DO ACORDO DE COOPERACIÓN

A Universidade da Coruña e a Fundación Olga Gallego comprométense a fomentar o intercambio de información, experiencias e de persoal nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral, no ámbito dos arquivos e do patrimonio documental de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal



SEGUNDA.-MODALIDADES DE COLABORACIÓN

Co fin de satisfacer os obxectivos definidos no artigo anterior, ambas as partes comprométense, na medida dos medios dos que poidan dispoñer, e conforme ás normas de cada entidade, de maneira enunciativa pero non limitativa, a:

- a) Facilitar o intercambio por tempo limitado de profesionais, profesores e investigadores.
- b) Favorecer a participación en proxectos e programas de investigación bilaterais ou multilaterais.
- c) Cooperar en xornadas de divulgación, congresos e programas de formación de persoal asistencial, investigador e/ou técnico.
- d) Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ambas entidades.
- e) Intercambio recíproco de libros, publicacións e outros materiais de investigación e docencia sempre que non haxa compromisos anteriores que o impidan.
- f) Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constituían o obxecto do presente acordo.

TERCEIRA.-ESTABLECEMENTO DA COOPERACIÓN

A execución das modalidades de cooperación previstas no presente acordo será obxecto de convenios elaborados de común acordo entre ambas entidades, nos que figurarán o motivo da colaboración, o plan de traballo, os participantes e o financiamento. Os ditos convenios serán incorporados como addendas ao presente acordo.

CUARTA.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar a elaboración dos convenios e o seu cumprimento constituirase unha comisión de seguimento paritaria integrada, por parte da UDC, pola xefatura do servizo de documentación, arquivo e rexistro e a persoa titular da secretaría xeral, ou persoas en quen deleguen, así como polo presidente e o secretario da Fundación Olga Gallego, ou persoas en quen deleguen.



A dita comisión realizará polo menos anualmente un balance das accións realizadas ou en curso e elaborará un informe que será comunicado ás instancias apropiadas.

QUINTA.-FINANCIACIÓN

As dúas entidades, baseándose na xusta reciprocidade, intentarán conseguir os fondos de financiamento externos que se utilizarán para apoiar as actividades a realizar no ámbito deste acordo.

SEXTA.-SENTIDO DO ACORDO

O presente acordo non debe interpretarse no sentido de crear unha relación legal ou financeira entre as partes. O mesmo constitúe unha declaración de intencións cuxo fin é promover auténticas relacións de beneficio mutuo en materia de colaboración académica no ámbito dos arquivos e o patrimonio documental.

SÉPTIMA.-DURACIÓN


O acordo suscrito terá unha duración de catro anos a contar dende a data da súa sinatura, unha vez que o ratifique o Consello de Goberno segundo o artigo 27.2.0) dos Estatutos da UDC, despois dos cales se poderá renovar pola iniciativa de calquera das partes. O convenio considerarase prorrogado automaticamente polo mesmo período de tempo, salvo que haxa unha comunicación expresa por unha das partes no prazo non inferior a un mes do seu vencemento.

OCTAVA.-DISCREPANCIAS

A resolución de posibles controversias inherentes á interpretación e execución do presente acordo transferirase a unha comisión arbitral formada polos asinantes do acordo ou as persoas nas que deleguen.

E, en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento, no lugar e data que se indica arriba.

Pola UDC



Xosé Luís Armesto Barbeito

Pola Fundación Olga Gallego



Pedro López Gómez